

Xaime Quintanilla, dramatugo

Alén e a literatura nacional

MV GARCÍA

Contra o esquecemento

Xoán González Millán foi un profesor e investigador que fixo substantivas achegas para a renovación dos estudos literarios galegos, tamén para a promoción dos estudos culturais. Entre as súas propostas máis interesantes e controvertidas está aquela na que, seguindo a Pierre Bourdieu, reclama considerar o campo literario a partir das forzas que nel entran en xogo, e ter en conta as dinámicas específicas que abrollan en literaturas nacionais en proceso de conformación ou en loita contra hegemónias e dominacións diversas, como foi, ou como é, o caso da literatura galega. Certamente, en momentos moi diferentes da nosa historia, o rexionalismo e o nacionalismo cultural quixeron impoñer a súa visión da creación artística, apostando pola súa dimensión máis instrumental, en tanto esa creación debía configurar ferramentas de intervención política, a prol da identidade e da emancipación nacional.

Xaime Quintanilla é un dos autores que mellor reflicte a vontade de crear e potenciar unha literatura nacional, defendendo a autonomía da creación fronte a outras formas de discurso. Escribiu dúas pezas dramáticas que naquela altura supoñían un cambio de paradigma, en tanto quería abandonar o concepto de literatura galeguista e apostar por unha literatura en galego. Froito desa deriva son *Donosiña*, presentada na escena en Ferrol en 1920, e *Alén*, editada en 1921 e que agora nos chega da man da Editorial Galaxia en magnífica edición anotada do profesor Roberto Pascual Rodríguez, quen nos ofrece unha ampla panorámica sobre a vida e obra do que foi primeiro alcalde socialista da cidade de Ferrol tras as eleccións de 1931, as que supuxeron a proclamación da II República.

Contaba Risco que *Alén* era peza para ler, pois estaba moi afastada da tendencia dominante na escena galega daquela altura. Abría camiños novos, que logo seguirán o propio Risco, Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro. En boa medida, avanzaba, na súa dimensión textual e mesmo estilística, moitas das ideas que Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro van propoñer no seu coñecido manifesto, *Máis alá*, editado en 1922. *Alén* esquece, en efecto, ruralismos e folclorismos e propón unha ruptura moi marcada cos devanceiros

Naceu Xaime Quintanilla en 1892 e foi fusilado en 1936. Son xa demasiados aniversarios esquecidos para que na conta de esquecementos se sumen outros agravios. Non serei eu quen poña en causa os méritos e as achegas de todas cantas persoas foron homenaxeadas co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Pero si debemos destacar os méritos e as achegas dunha persoa que, de forma sistemática, vén sendo esquecida por tantas academias e cenáculos como hai no

país. Ao mellor porque ninguén o sinte como propio, pero, se cadra, pola simple razón de que este país segue tendo ben pouco de país e moito de leiriña pequenina. Hai ben pouco paseaban por Galicia defensores da memoria histórica. Foi unha mágoa que esqueceran creadores tan notables, desaparecidos en 1936.

Ademais de médico e político, Quintanilla foi autor de dramas e novelas, xornalista, animador cultural, actor ou

director de escena, e tamén editor, pois promoveu aquela fermosa aventura da editorial Céltiga, onde viron lume textos de galeguistas ilustres e ben recoñecidos, coma Vicente Risco, Daniel Castelao, Antón Villar Ponte ou Ramón Otero

Pedrayo. En 1923, coa chegada da ditadura de Primo de Rivera, aquela empresa pechou, mais tería continuidade en Lar, promovida por Leandro Carré e Anxel Casal. En Céltiga tamén colaboraron Álvaro Cebreiro ou Camilo Díaz, este último gran escenógrafo, tamén esquecido, tamén desaparecido. E así seguirán, mentres esta terrina siga sendo o que é. Xentes boas e xenerosas, que pagaron o seu compromiso coa vida, mentres tantos outros facían por vivir.

ao mostrar unha maneira nova de enfrontar a creación literaria e a súa materia. A visión que da peza ofrecía en 1923 Leandro Carré, nun ensaio publicado no semanario *A Nosa Terra*, mostra o impacto negativo que causou nun sector dominante do rexionalismo e do nacionalismo.

Naquela altura, *Alén* sentiuse como unha impotencia, pois, como se salienta na súa presentación, estamos ante unha comedia dramática que transcorre en Nova York e na que atopamos personaxes que, sendo irlandeses, alemáns ou norteamericanos, falan galego, como o falan as xentes de Salceda ou Betanzos. Recrea a peripecia dunha célula espiritista que agarda a volta do seu mestre desde o mundo das tumbas, pois o tal mestre puxo fin á súa vida para demostrarlle aos seus adeptos que unha vez morto volvería do alén para se comunicar con eles. Tamén conforma a fermosa historia dun amor imposible, que se refuxia nas xeografías da saudade, un territorio emocional sobre o que Quintanilla vai escribir a novela *Saudade* (1922), na que se fai sentir a influencia daquel movemento literario portugués que tanto callou na Galicia da época da man de autores como Teixeira de Pascoas.

Estamos ante unha peza cunha marcada orientación simbolista, se ben na mesma tamén agroma un pouso de aceda ironía diante dun movemento, o espiritismo, que tanta proxección acadaba naquel primeiro cuartel do século vinte en todo o mundo, e que tivo especial incidencia na cidade de Ferrol, que era, no momento aquel, unha das máis cosmopolitas e activas do noso país.

Está aínda por facer un estudo sistemático da obra literaria e periodística de Xaime Quintanilla, que considere tamén as relacións con outras literaturas e culturas, pois resulta evidente a pegada nesa obra súa das ideas máis avanzadas e progresistas dun momento histórico en que tantas transformacións se estaban a producir en todo o mundo, e de autores tan significados coma Henrik Ibsen ou Maurice Maeterlinck. Estamos, xa que logo, ante unha das obras máis sobranceiras da nosa dramática.

QUINTANILLA, Xaime, *Alén*, edición de Roberto Pascual Rodríguez, Vigo, Editorial Galaxia, 2010, 12,80€

